



11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra

A cidade

Do 7 de febreiro ao 14 de marzo de 2010

Pazo da Cultura de Pontevedra

www.salondolibro.org

PREVISIÓNS INFORMATIVAS DO VENRES 19 DE FEBREIRO 11º SALÓN DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

- 50 nenos e nenas dos colexios participarán no Roteiro Urbano

- Pavís Pavós anima cos seus contos a Sala de Exposicións do Pazo da Cultura

50 alumnos e alumnas de centros escolares pontevedreses asistirán o **roteiro urbano do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra** que o venres percorrerá o Mercado de Abastos, a praza Valentín García Escudero, a rúa Arcebispo Malvar, a praza de Santa María, a avenida de Montero Ríos e a praza de San José ata chegar ao Pazo da Cultura.

Ademais de contos tradicionais, **Pavís Pavós** tamén inclúe contos de nova creación e con formatos contemporáneos no espectáculo que anima as instalacións do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra no Pazo da Cultura.

Pavís Pavós formouse como grupo de contadores de contos para público infantil no ano 1996 en Pontevedra. Traballa principalmente en Galicia con contos en galego e tratando de recuperar contos, adiviñas, refráns, fraseoloxía e xogos propios da nosa tradición.

O Pazo da Cultura tamén acolle ata o venres outros dous obradoiros, adicados á ilustración e á escrita creativa. **Anxo Fariña** é o artista responsable do Obradoiro de Ilustración, e realiza traballos centrando o seu labor na creatividade dos públicos infantís. **Tagen Ata** organiza o obradoiro de escrita, no que os rapaces e rapazas asistentes poñen a proba a súa imaxinación á hora de poñer as historias sobre o papel.

As actividades previstas para o venres 19 de febreiro na programación do 11º Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra son concertadas cos centros escolares e inclúen:

-10:00 – 10:40 e 11:45 – 12:25

Obradoiro Escrita, con Tagen Ata

Obradoiro Ilustración, con Anxo Fariña

Obradoiros urbanos: Roteiro urbano

CONTACTOS: Celso Fernández, Pavís Pavós e Queliña

TEATRO: Migallas



**11º Sal3n do Libro
Infantil e Xuvenil
de Pontevedra**
A cidade

Do 7 de febreiro ao 14 de marzo de 2010
Pazo da Cultura de Pontevedra
www.salondolibro.org

-10:40 – 11:10 e 11:00 – 11:30: visitas ao Sal3n

-12:25 – 12:45 e 12:45 – 13:30: visitas ao Sal3n

Rogamos a súa difusi3n.

Departamento de Prensa do Sal3n do Libro